

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 7 DE NOVEMBRO DE 2012

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día sete de outubro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 31 de outubro de 2012.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación, e de licenza de obras para centro loxístico de transportes, formado por oficina de xestión e control, zona de supervisión e entrega de mercancía, zona de aparcadoiro e zona de mantemento de vehículos da empresa, na rúa das Costureiras, ruelleiro F, parcela 8 do Parque Empresarial IN-F.

Tamén se acorda a concesión de licenza municipal de instalación da actividade de taller de reparación de automóbiles, rama mecánica, como reforma e ampliación do taller de engraxamento, con venda, reparación e colocación de pneumáticos, con licenza 300/09, sito na ronda das Fontiñas, número 190, baixo.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión de licenza para cambio de uso de dous locais de oficina a vivenda nas plantas 1ª e 2ª do edificio existente con licenzas números 701/04, 111/05 e 1205/05, aumentando en dúas máis o número total de vivendas do edificio da rúa Xosé Ferro, número 10, situado no solo clasificado como urbano, na Unidade de Actuación CS-19, parcela 1.

Así mesmo, acórdase a concesión de licenza para a legalización de ampliación de planta soto en vivenda unifamiliar con licenza anterior número 276/97 para planta baixa e alta, sendo localización da obra en Soñariño-Soñar.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: 12extractoxg46.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-11-2012

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a desistencia do procedemento para a contratación dunha entidade que xestione un programa de formación e deseñe un portal empresarial para a Praza de Abastos e Mercado Municipal de Quiroga Ballesteros, cofinanciadas nun 80% pola Unión Europea a través do fondo europeo de desenvolvemento rexional (PO FEDER Galicia 2007-2013). Proxecto 12UR2001 urban formación ocupacional comercio e proxecto 12UR4002 Urban Praza de Abastos. Apertura de novo procedemento de licitación.

Lugo, 7 de novembro de 2012
A CONCELLEIRA-SECRETARIA EN FUNCÍONS,

Asdo.: María del Carmen Basadre Vázquez